



ALBERTO NUÑEZ FEIJÓO, UN PRESIDENTE SIN VERGÜENZA NI COMPLEJOS, ANTE UN PARLAMENTO LLENO DE ESCAÑOS VACIOS: “Los empleados públicos son unos vagos a los que se les paga por trabajar”.

Nun novo capítulo da campaña de acoso e derribo en contra dos empregados públicos, esta vez instada polo propio Presidente da Xunta e nada máis e nada menos que ante un foro de empresarios, este non dubidou en tildar, unha vez máis, de vagos e maleantes ao conxunto dos empregados públicos, facendo fincapé nos que prestan servizo nos sectores de sanidade, educación e servizos sociais. Segundo sinalou o noso benquerido Presidente, a “Administración ten que dar exemplo de eficiencia e rigor”, recordando que “aos empregados públicos se nos paga por traballar” (sic). Para engadir, de seguido, que “van a actuar para reducir o número de baixas que non estean xustificadas”

O que non di o noso ben amado Presidente é que este novo episodio de difamación en contra dos empregados públicos, esta vez xa directamente e sen recorrer á prensa subvencionada, se enmarca na campaña iniciada meses atrás polo goberno do PP para suxestionar á sociedade de que os novos recortes dos nosos dereitos

económicos e laborais están máis que xustificados e os ERE'S dos empregados públicos son necesarios, pois a maioría sobramos.

O que tampouco menciona o funcionario Feijóo é que mentres o goberno desprestixia aos seus propios empregados e despreza o noso traballo, el segue a defraudar ao conxunto da sociedade galega destinando millóns de euros do capítulo VI dos orzamentos da comunidade para, en vez de destinalo a inversións reais, derrochalos en contratar aos seus amigos mediante Asistencias Técnicas para facer o mesmo traballo que fan os empregados públicos, coa única finalidade de crear a súa propia rede de voto cautivo e clientelar.

Evidentemente, ao que tampouco fixo referencia a súa ilustrada señoría foi ao escandaloso nivel de absentismo en que incorren os seus tamén ilustrados compañeiros do Parlamento Galego. Uns parlamentarios, tamén servidores públicos pero sen oposición, que no mes que menos salario perciben este supera os 4.500€ netos/mes. Unhas ilustradas señorías a quen non se lles aplica os descontos correspondentes á Seguridade Social, pois faise cargo deste desconto o propio Parlamento, e unhas ilustradas señorías que por manterse no posto de parlamentario durante dúas lexislaturas cobran de por vida a pensión máxima aínda que non volvan a traballar nunca máis.

E, tal vez, o Excelentísimo Sr. Presidente de todos os galegos, non se dea de conta de que cada vez que el, os membros do seu goberno ou a prensa subvencionada ao seu servizo difaman aos empregados públicos, está a difamar a máis de 180.000 galegos, aos seus pais e aos seus fillos. E todos eles, e todos nós, somos galegos e facemos Galicia.



**DEFENDENDO O PÚBLICO**  
Boletín Independente dos Empregados Públicos

**CSI-F** Galicia  
Sección Sindical  
Servizos Centrais

Local Sindical San Caetano Edif. Administrativo San Caetano Tfno.: 981 54 59 89 – Fax: 981 95 72 73 e-mail: csif.sancaetano@xunta.es	Local Sindical San Lázaro Edif. Consellería de Sanidade (SERGAS) Tfno.: 881 54 28 01 – Fax 881 54 86 88 e-mail: csif.conselleria.sanidade@sergas.es
---	--

<http://heraldtoupeiras.es> / <http://facebook.com/herald.toupeiras>